



***PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CURSO 2023/24***

IES CONCEPCIÓN ARENAL FERROL



INDICE

1. Estrutura Departamento
2. Marco legislativo
3. Contexto educativo - social
4. Obxectivos e actuacións
5. Planificación trimestral
6. Criterios de seguimento e avaliación
7. Actividades complementarias e extraescolares para o desenvolvemento do plano de orientación



1. Estrutura Departamento

Segundo a normativa vixente Decreto 120/1998 e a Orde do 20 de xullo de 1998 que regulan a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia o Departamento de Orientación, queda constituído da seguinte forma:

- Xefa do departamento: Olga M^a Castro Ares
- Orientadora educativa: M^a Alicia Vilar Barreiro
- Profesora de pedagogía terapéutica: Mónica Ricoy Díaz
- Titor do ámbito científico-técnico: Xavier Tenreiro Calvo
- Titor do ámbito lingüístico-social: Alberto Fernández Díaz
- Profesora de formación e orientación laboral: Amalia Parra Santamarina

Representantes de centros adscritos:

- Cintia Castro Vázquez CEIP Plurilingüe Angela Ruíz Robles
- Soledad Barroso Gómez Colexio Ludy S.C.G.
- Marina González Díaz Colexio Concertado Belén
- Fernanda Leal López Colexio Compañía de María Ferrol

O Departamento de Orientación reunirase mensualmente, ou cando sexa preciso para establecer propostas e coordinacións.

Celebraranse reunións trimestrais cos centros adscritos, para acadar unha mellor coordinación e tránsito entre Primaria e Secundaria.

Debido as características organizativas do centro, e co obxecto de acadar unha maior operatividade, as reunións de departamento serán sempre fóra do horario lectivo.



HORARIO DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA					
Olga M ^a Castro Ares					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:30 a 9:20					
9:20 a 10:10	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION
RECREO 1 (de 10:10 a 10:30)	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO
10:30 a 11:20	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION
11:20 a 12:10	ORIENTACION	ORIENTACION	REUNION PT	ORIENTACION	X.D.
RECREO 2 (de 12:10 a 12:30)	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	TITORIA ALUMNADO		
12:30 a 13:20	ORIENTACION	X.D.			
13:20 a 14:10					
16:00 a 16:50					
16:50 a 17:40			ORIENTACION		
17:40 a 18:30			TITORIA FAMILIAS		

HORARIO DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA					
M ^a Alicia Vilar Barreiro					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:30 a 9:20					
9:20 a 10:10					
RECREO 1 (de 10:10 a 10:30)		ATENCIÓN ALUMNADO		ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO
10:30 a 11:20		ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION
11:20 a 12:10	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION
RECREO 2 (de 12:10 a 12:30)	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	TITORIA ALUMNADO
12:30 a 13:20	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION	ORIENTACION
13:20 a 14:10	ORIENTACION		ORIENTACION	ORIENTACION	
16:00 a 16:50		ORIENTACION			
16:50 a 17:40		TITORIA FAMILIAS			



HORARIO DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA Mónica Ricoy Díaz					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:30 A 9:20	1C LGL	2B MAT	2B LCL	2B LGL 1A MAT	1C LCL
9:20 A 10:10	1A LGL	ORIENTACION	1C LGL 2C LCL	ORIENTACIÓN	2B MAT
RECREO 1 (de 10:10 a 10:30)					
10:30 a 11:20	1C MAT 1B LGL	1B LCL	2C LGL	2C MAT	2B LCL
11:20 a 12:10	2C LCL	1C LCL 2C LGL	ATENCIÓN FAMILIAS	3C MAT 1A LCL	3C LGL
RECREO 2 (de 12:10 a 12:30)					
12:30 a 13:20	2B LGL 2C MAT	1C MAT		3C LCL 1B MAT	
13:20 a 14:10					
16:00 a 16:50					
16:50 a 17:40					

Atención aos alumnos: será nos recreos e outras horas se fora necesario.

Atención a pais/nais: será os días marcados nos horarios respectivos, non obstante, para unha mellor operatividade do servizo caberá a posibilidade de concertar citas noutras horas.

Canais de comunicación cos centros adscritos: o departamento de orientación, acordou coas responsables de ditos centros manter un contacto periódico trimestral por parte das orientadoras, non obstante, ás visitas ao centro serán máis regulares se as necesidades e as demandas de asesoramento e intervención do departamento así o esixen



Outros centros

Por outro lado, sempre que algún escolar se incorpore ou cause baixa no noso centro o DO será informado polos servizos administrativos desa circunstancia, para que poda ser posible a comunicación entre as orientadoras e os centros de procedencia ou de destino, e poder así coordinar as actuacións entre os DO na atención a dito alumnado.

Outros organismos e entidades

Manterase comunicación e colaboración necesaria con outros organismos e entidades, sempre tendo como referencia as funcións do departamento a este respecto e no marco do actual Protocolo de protección de datos.

Concello de Ferrol: manteranse contacto ao longo do curso co Concello para solicitar e prestar a súa e a nosa colaboración en actividades de diversa índole.

Servizos Sociais do Concello de Ferrol: manteranse contacto ao longo do curso co Concello para solicitar e prestar a súa e a nosa colaboración no tratamento dalgún caso concreto de alumno/a.

Servizos médicos e de saúde : Información precisa para o seguimento do alumnado no ámbito escolar con información a portada a través das familias, ou derivación para ser atendidos por outros servizos médicos (USMIX, servizos de Pediatría, centro médico... etc)

Asociacións, entidades, etc: a colaboración entre o centro educativo á hora de levar a cabo actividades e charlas de temática diversa, así como a facilitación de recursos, tanto materiais como humanos, para traballar nas horas de titorías.



2. Marco legislativo

BASES LEGAIS

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 120/ 1998 do 23 de Abril, regula a orientación nos institutos de Educación Secundaria, que abranguerán, no seu plan de actuación as Escolas de Educación Infantil, os Colexios de Educación Infantil e Primaria, e os de Educación primaria adscritos a él. Igualmente establece a composición e as funcións dos Departamentos.

A Orde de 24 de Xullo de 1998, establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional, definindo aos Departamentos de Orientación como servizos internos. A citada Orde regula, no seu artigo 15º, a elaboración e a estrutura do Plan de Orientación, o cal busca, principalmente, garantir que a Orientación forme parte esencial da actividade educativa e que estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

A elaboración do presente Plan de Orientación levouse a cabo dende o Departamento de Orientación, pois como se afirma na antedita Orde, na súa Sección Primeira referido aos Departamentos de Orientación dos centros, asigna aos membros destes Departamentos a función de elaborar dito Plan dacordo coa Comisión de Coordinación Pedagóxica, e responsabilizando, por outra banda, aos/as xefes do Departamento da súa redacción e seguimento.

Na elaboración do Plan tivéronse en conta, diversos aspectos do Proxecto Educativo de Centro e do Plan Xeral Anual deste centro en concreto, e do coñecemento que desta institución educativa e do seu contexto particular teñen os membros deste Departamento que agora se atopan implicados nesta tarefa.



Asimesmo, en referencia a este Plan, na Sección Terceira sobre a organización e funcionamento destes Departamentos, no seu art. 13º, incídese na coordinación do Departamento de Orientación do Instituto cos centros adscritos de Educación Infantil e Primaria, afirmándose que as liñas xerais do mesmo deberán ser elaboradas conxuntamente, aínda que deberá respetarse a necesaria e desexable adaptación aos diferentes aspectos e contextos educativos de cada centro en particular.

MARCO LEXISLATIVO

- A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOMCE. LOMLOE. BOE 30 de Decembro de 2020.
- A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, LOMCE (2013) que modifica a LOE (2006) e regula a base legal da educación na nosa comunidade e no estado Español
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia.
- Decreto 229/2011 que regula a Atención á Diversidade
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/2024.
- RESOLUCIÓN de 7 de xullo de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da Formación Profesional no curso académico 2023/2024.



- Circulares das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia,

3. Contexto educativo – social

En liñas xerais, o IES Concepción Arenal está situado no centro da cidade de Ferrol, limítrofe co barrio da Magdalena. É un entorno urbano dotado dos servizos públicos básicos e cunha abundante oferta comercial. Nas proximidades do centro atópanse dotacións públicas sanitarias (Centro de Saúde Fontenla Maristany), culturais (Biblioteca Central) e administrativas (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia).

Tamén están situadas nas proximidades a estación de autobuses e de tren da cidade. O nivel económico das familias é medio, medio-baixo e, nalgúns casos moi concretos, baixo ou moi baixo.

En canto ao alumnado, na etapa de ESO a maioría dos alumnos e alumnas proceden dos centros adscritos: CEIP Plurilingüe Angela Ruíz Robles, CPR Ludy e CPR Belén. No Bacharelato o alumnado procede tanto do centro adscrito (CPR Compañía de María) como doutros centros educativos do propio concello de Ferrol e concellos limítrofes como Ares, Fene, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, As Pontes, etc. Isto é debido á gran oferta educativa que posúe xa que é o único centro da comarca que oferta o Bacharelato de Artes Plásticas e os Ciclos de FP de Operacións de Laboratorio e Química Ambiental. Inflúe tamén a proximidade ás estacións de autobús e ferrocarril.

O IES Concepción Arenal é un centro de referencia na cidade e na súa contorna, por ser o máis antigo e tamén pola importante oferta educativa que ten.



Na actualidade impártense as seguintes ensinanzas:

- * Ensinanza Secundaria Obrigatoria (con PDC)

- * Bacharelato nas modalidades de:
 - Ciencias
 - Humanidades e Ciencias Sociais
 - Artes

- * Ciclos de Formación Profesional da Familia de Química:
 - Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio
 - Ciclo Superior de Química Ambiental

- * Ensinanzas de Adultos
 - Bacharelato de Ciencias
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais

4. Obxectivos e actuacións

OBXECTIVO PRINCIPAL

Dotar ao centro dun Departamento de Orientación cunha dinámica de funcionamento sólida e consolidada, garante de estabilidade e continuidade.

No presente curso académico:

- Establecer circuitos de comunicación eficaces e funcionais entre os membros da comunidade educativa e o D.O.

- Afianzar as funcións do D. O. no engranaxe do centro, en relación á comunidade escolar, aos documentos programáticos, protocolos de actuación e convivencia socio educativa.



OBXETIVOS XERAIS

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa, contribuíndo a unha educación individualizada.
2. Favorecer os procesos de madurez, desenvolvemento da propia identidade e valores que consoliden a integridade persoal
3. Estimular a madurez para a aprendizaxe así como o nivel de competencias clave dos alumnos.
4. Contribuír a estimular a formación do profesorado e as familias respecto as necesidades que presenta o noso centro e ó alumnado en xeral.
5. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado
6. Asesorar os profesores nos aspectos que favorezan a inclusión educativa e estimulación das potencialidades dos alumnos con n.e.a.e.
7. Priorizar os apoios de Pedagogía Terapéutica para ó alumnado con n.e.a.e. esgotando previamente as medidas ordinarias de atención á diversidade (reforzamento titorial, asesoramento, pautas familiares,...)
8. Favorecer o desenvolvemento da acción titorial e os procesos de prevención e detección de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal ou de aprendizaxe.
9. Orientar ás familias en aspectos básicos para a mellora do desenvolvemento e estimulación das potencialidades dos alumnos.
10. Colaborar cos organismos e institucións, que inflúan no centro, co fin de realizar accións conxuntas.
11. Favorecer a Atención á Diversidade dun xeito inclusivo, preventivo e eficaz, utilizando as medidas ordinarias e extraordinarias de modo estruturado e según os criterios legislativos (D229/2011 de atención á diversidade).
12. Incluír aos centros adscritos na función orientadora xeral.



13. Manter contactos e intercambios cos/as orientadores/as da zona de Ferrolterra.
14. Seguimento do Plan de Orientación e Acción Titorial e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
15. Axustar as respostas educativas ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias.
16. Contribuír a adecuada relación entre os distintos integrantes da Comunidade Educativa, favorecendo a convivencia no centro educativo.
17. Impulsar a acción titorial, coordinando a actuación dos titores/as a través do Plan de Acción Titorial.
18. Potenciar a innovación educativa e a formación do profesorado.
19. Asesorar na coordinación da Avaliación Individualizada.
20. Contribuír na convivencia positiva entre todos os integrantes da comunidade educativa.
21. Resaltar os aspectos orientadores da educación: "orientación en e para a vida", atendendo ó contexto real dos alumnos e ó futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes activas e funcionais

Estes obxectivos abarcan tres dimensións fundamentais do alumno/a:

- Persoal e familiar
- Escolar e social
- Profesional e proxecto de vida

ACTUACIÓNS

- Implementando as liñas marcadas con carácter anual do Plan de Acción Titorial (PAT) atendendo, se cómpre, ás modificacións pertinentes para que se axuste ás necesidades e demandas do centro e ás referidas as novas normativas. Asesorando aos titores baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.



- Desenvolviendo o Plan de Orientación para o Itinerario Formativo, orientación académica e profesional (POAP), informando e asesorando ós profesores no seu adecuado desenvolvemento. Revisando e modificando o mesmo en función da normativa vixente.
- Promovendo unha Escola Inclusiva mediante a Atención á Diversidade, para que deste xeito o alumnado obteña o máximo nivel de éxito a todos os niveis (escolar, persoal, social...)
- Propoñendo e participando activamente na mellora da calidade educativa, innovacións, convivencia positiva e benestar da comunidade educativa.

Co profesorado

- Sensibilizando ao profesorado da necesidade de colaboración na elaboración e desenvolvemento de medidas que atendan a diversidade (ACS, RE,...), como responsabilidade de todos
- Asesorando nos criterios psicopedagóxicos das programacións didácticas atendendo á diversidade.
- Colaborando nas relacións titores-familia.
- Favorecendo o axeitado desenvolvemento da acción titorial, proporcionando asesoramento, material e apoio aos profesores titores (segundo as directrices recollidas no PAT).
- Implicando aos titores como axentes da orientación académico-vocacional.
- Reforzando a colaboración do Departamento de Orientación cos titores/as dos ciclos formativos, ensinanzas de adultos, etc



Co alumnado

- Recollendo información académica inicial, e persoal a través das familias e do profesorado, que permita unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades coa finalidade de planificar e priorizar as actuacións educativas.
- Identificando e valorando as necesidades educativas do alumnado, actuando de maneira preventiva prioritariamente e interventiva cando sexan detectadas.
- Realizando avaliacións psicopedagóxicas así como a elaboración ou actualización de informes para aquel alumnado que se lle detecten necesidades educativas específicas, seguimento do proceso educativo e medidas de atención á diversidade adoptadas
- Deseñando programas de intervención específicos e coordinando o deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade
- Deseñando e desenvolvendo as actividades de Orientación persoal, escolar, e profesional dos/as alumnos/as, así como o seu proxecto de vida persoal.

Coas familias

- Promovendo a cooperación centro-familias, en tódolos aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumno
- Asesorando ás familias para que asuman responsablemente a educación e a orientación dos seus fillos/as valorando os esforzos compartidos
- Demandando a colaboración das familias para as actividades e programas que se fagan no Centro; así como potenciar a comunicación



e o establecemento de relacións fluidas entre as familias e o profesorado.

- Asesorando e informando aos pais respecto ás saídas académico-profesionais, cara axudar na toma de decisións os seus fillos/as.
- Orientando aos pais nos aspectos básicos para atender aos/as nenos/as con NEAE.
- Colaborando cando sexa posible coa ANPA do centro, para a organización de actividades do seu interese.

APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Obxectivos:

- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica e aos Departamentos Didácticos nas programación didácticas e nos novos documentos que o centro necesite integrar no Proxecto Educativo de Centro.
- Elaborar propostas de medidas específicas para a atención á diversidade e elevalas á CCP para a súa posterior inclusión no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Elaborar criterios e procedementos para realizar medidas de reforzo e adaptacións curriculares individualizadas.
- Elaborar propostas para realizar os Programas de Diversificación Curricular
- Realizar a avaliación psicopedagóxica daqueles/as alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe ou alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Apoiar e asesorar ao profesorado na atención ao alumnado inmigrante e alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Solicitar a intervención do equipo de orientación específico nos casos nos que se estime preciso.



As medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias propostas son as recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

As programacións de Pedagogía Terapéutica de Secundaria recollerán as accións encamiñadas a intervención educativa do alumnado con necesidades de apoio educativo.

Tendo en conta as novas necesidades ao longo do curso a planificación non é definitiva e está sempre suxeita aos cambios que se precisen en calquera momento do curso.

Criterios de atención do/a especialista en Pedagogía Terapéutica

Atenderán principalmente ao alumnado que reúna algún dos seguintes criterios:

- Alumnado debidamente xustificado na avaliación psicopedagóxica e nas probas de exploración.
- Alumnado que tivese adaptación curricular ou que se estime que vai precisala.
- Alumnado atendido o pasado curso e non fose dado de alta.
- Alumnado con NEE.
- Alumnado que en cursos anteriores fose obxecto de medidas de atención á diversidade.
- Alumnado estranxeiro que precisase dunha especial atención para a adquisición e afianzamento na competencia curricular e/ou na adquisición das linguas cooficiais.
- Alumnado para ao que, segundo o equipo docente e/ou departamento de orientación se consideren axeitadas determinadas medidas, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos .
- Alumnado que promocionase a etapa de secundaria con dificultades na competencia lingüística e matemática e que contén con avaliación psicopedagóxica.



Na avaliación inicial analizaranse os novos casos que puideran precisar desta intervención ou outras medidas de atención á diversidade.

Camiñarase cara a unha educación inclusiva, dentro da aula e que prioritariamente busque a atención do alumnado xunto co seu grupo de referencia. Para iso será recomendable a intervención e programación conxunta xunto co profesor titor e da materia correspondente.

PLANO DE ACCION TITORIAL (P.A.T.)

A acción titorial ordénase e organízase a través dun P.A.T.

O P.A.T é a planificación das actividades propias dos titores/as e demais Profesores/as, cuxas funcións veñen enmarcadas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados.

Dito Decreto adica o seu Capítulo V aos Titores/as:

Cada profesor titor/a: “participará no desenvolvemento do P.A.T. e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.”

A C.C.P haberá de “Velar para que a elaboración dos Proxectos Curriculares da Etapa, nos que se incluírá o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Titorial, se realicen segundo os criterios establecidos polo Claustro”.

Segundo a orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación académica e profesional na CCAA de Galicia, é función do Departamento de Orientación:

“Elaborar, acorde coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do P.O.A.P e do P.A.T, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes planes”.

Os ámbitos de actuación do Plano de Acción Titorial serán os seguintes:



- a) Alumnas/os considerados individualmente
- b) Grupo - clase
- c) Equipo Docente
- d) A familia

Sempre tendo en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa, dividiremos en dous grandes apartados:

1.- Obxectivos xerais

- a) Optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- b) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- c) Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.
- d) Asesorar e axudar ao alumnado na súa autoorientación.
- e) Colaborar cos pais/nais no seu labor educativo.

2.- Obxectivos Específicos

- a) Referidos aos alumnos/as

Integrar ao alumnado no grupo e no centro.

Detectar aos alumnos/as con dificultades na aprendizaxe para realizar, se é preciso as adaptacións curriculares.

Informar e asesorar ao alumno/a de xeito personalizado, tendo en conta os seus intereses e as súas capacidades.

Favorecer e potenciar as técnicas de traballo intelectual, de aprender a aprender.

Favorecer a autoavaliación do/a alumno/a.

- b) Referido ao Grupo Clase

Impulsar actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo.

Resolver os conflitos que podan xurdir a través da vía do diálogo.



Favorecer a participación do grupo na organización e desenvolvemento das actividades que lle competan.

c) Referidos ao Equipo Docente

Participar na elaboración do PAT

Coordinación dos titores/as do mesmo nivel.

Coordinación do proceso de avaliación

Orientar aos Departamentos Didácticos na adecuación das programacións ao grupo-clase.

d) Referidos á familia

Potenciar as relacións fluídas entre o centro e as familias.

Implicalos na actividade educativa e no proceso orientador dos seus fillos/as.

Informarlles da evolución e rendemento académico dos seus fillos/as, así coma das dificultades que presentan e a maneira de superalas.

PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

1.-Obxectivos xerais

- 1- Coordinar a orientación académica e profesional dos alumnos/as ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección das distintas opcións académicas e profesionais.
- 2- Coñecer o sistema educativo: materias optativas e itinerarios na ESO, Bacharelato; Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior, carreiras universitarias, ensino non regrado...
- 3- Coñecer o sistema socio-laboral: saídas laborais, búsqueda de emprego, autoemprego...
- 4- Implicar no proceso orientador a todos os elementos que forman parte da Comunidade Escolar: alumnos/as, pais, Profesores/as,...
- 5- Proporcionar o/a alumno/a estratexias, información e os recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento de si mesmo.



6- Desenvolver a capacidade crítica, exercitando os hábitos de reflexión e análise do/a alumno/a.

2. Obxectivos Específicos

a) Plano socio-laboral e académico

Coñecer e comprender o sistema produtivo.

Comprender os conceptos básicos sobre a economía e o traballo: saber facer un curriculum vitae, saber onde recorrer cando se busca emprego: o SPEG, o DOG, xornais, redes sociais, etc...,

Coñecer as materias optativas, itinerarios formativos: bacharelatos, ciclos medios e superiores de formación profesional, carreiras universitarias, Formación Profesional Básica...

Coñecer os diferentes tipos de empregos e ocupacións locais, profesións mais demandadas.

Manexar información sobre o sistema de becas, axudas, como solicitalas, a quen se pode recorrer...

b) Plano persoal

Autoavaliarase e toma conciencia de cales son os estudos e profesións que mellor se axustan os seus intereses, personalidade e capacidades.

Coñecer o proceso de toma de decisións, e facilitar a autoorientación do alumno/a.

Mostrar iniciativas na búsqueda de emprego, interesarse polas diferentes opcións que existen, pedir información, avaliar vantaxes e inconvenientes de cada opción.

Coñecer as súas posibilidades e limitacións.

Orientar académica e profesionalmente as familias de forma grupal e individual, e potencia-la participación das familias na orientación dos seus fillos/as.



5. Planificación trimestral

1º trimestre

ACCIÓNs PRIORITARIAS:

- constitución formal do Departamento de orientación
- análise do contexto e das necesidades
- establecemento das primeiras accións e intervención
- deseño do POE (plan de orientación) e outros documentos (PAT, POAP...)

ACCIÓNs:

- Avaliación extraordinaria de setembro e adopción das respostas educativas consecuentes
- Elaboración de informes para incorporación a programas específicos, outros centros, becas NEAE
- Seguimento de matriculación de alumnado e acollida de alumnado novo
- Revisión de expedientes académicos e elaboración de fichas persoais de recollida de datos salientables xunto aos titores
- Estudo de necesidades globais para a modificación e recollida no Plan de Orientación e outros documentos do Dpto
- Entrevistas coas familias e alumnado
- Entrevistas co profesorado- titor/a
- Deseño das medidas e respostas de atención á diversidade co profesorado, equipo directivo e PT
- Primeiras reunións de todos os membros do departamento de orientación para o seguimento do inicio de curso e a adopción consensuada das medidas que se estimen oportunas.
- Coordinación cos servizos externos (equipo psicoedagógico municipal, equipo de orientación específico, departamentos de orientación dos centros educativos...)
- Avaliación diagnóstica para a consolidación de respostas educativas
- Estudo e proposta de programas para o alumnado (a demanda e segundo necesidades detectadas)



- Coordinación coa vicedirección do centro para a programación de actividades do alumnado
- Coordinación coa xefatura de estudos para o seguimento da acción tutorial, inclusión do alumnado, e responsabilidades dos docentes
- Coordinación coa dirección do centro para o coñecemento conxunto de todos os aspectos salientables que concernen ao centro
- Establecemento de liñas de colaboración, traballo en equipo, e dispoñibilidade cara o fomento dun bó clima de traballo.
- Potenciar o interese e motivación do alumnado.
- Implicar ao profesorado na orientación profesional, académica e persoal que precise o seu alumnado
- Asesorar na adopción de metodoloxías activas de aprendizaxe que redunden nun éxito escolar do alumno e satisfacción profesional dos docentes.
- Coordinación da elaboración de programas adaptados (AC)
- Informes de avaliación psicopedagóxica
- Inercambio continuado de información cos equipos docentes sobre a evolución do alumnado especialmente aquel que precisa atención específica
- Resposta xunto co equipo directivo aos imprevistos que poidan xurdir
- Avaliacións trimestrais do alumnado, recollida e intercambio de datos cos equipos docentes e titores
- Avaliación continua do programa de actividades de orientación e adopción das medidas precisas
- Boa dispoñibilidade para a escoita activa

2º Trimestre

ACCIÓN PRIORITYARIAS:

- Continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de educación inclusiva



- Avaliación continua do proceso de orientación e propostas de mellora

ACCÍONS:

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función de ditos resultados.
- Preparación de materiais para levar a cabo os Programas de Orientación Académica e Profesional: optativas, distintos itinerarios educativos, inserción ao mundo laboral,...
- Elaboración de materiais para o autocoñecemento dos/as alumnos/as e toma de decisións: rasgos da personalidade, intereses, aptitudes, simulacros e toma de decisións.
- Participación nos Programas e Obradoiros ofertados por organismos oficiais e/ou asociacións da zona (sexualidade, resolución de conflitos, prevención de drogodependencias...).
- Elaboración de materiais para a mellora do autoconcepto e da autoestima e para a aprendizaxe das habilidades sociais básicas (co alumnado de ESO).
- Seguimento das sesións titoriais de grupo e elaboración de programas específicos.
- Posta en marcha de seminarios e xornadas relacionadas coa transversalidade.
- Seguimento estreito das medidas de atención á diversidade: apoios, adaptacións do currículo...
- Participar nas sesións da 2ª avaliación.
- Elaboración de pautas de información para as familias, buscando a súa colaboración, nos programas que se levarán a cabo.



- Realizar informes psicopedagógicos do alumnado que se derive ao departamento de orientación así como aqueles obxecto de apoio, continuando ao principio de curso coas propostas iniciais dos Orientadores de educación primaria e doutros cursos, incorporando os datos das novas avaliacións psicopedagógicas ao longo do curso.

3º Trimestre

ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de intervención
- Avaliación continua do proceso de orientación e propostas de mellora

ACCIÓNS

- Valoración dos resultados obtidos na 2ª avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función dos resultados.
- Continuación dos programas iniciados nos trimestres anteriores.
- Valoración dos programas desenvolto, do PAT e do Programa de Orientación vocacional, a través de cuestionarios e reunións.
- Asesorar de forma directa aos/as alumno/as con respecto a optatividade e elección de estudos.
- Participar nas avaliacións finais.
- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade adoptadas ao longo do curso...
- Entrevistas cós membros da comunidade educativa para a adopción de medidas consensuadas
- Maior contacto cós centros adscritos para a coordinación no seguimento do alumnado



- Maior intervención directa cós grupos de alumnado para a orientación académica
- Maior adicación as familias para o intercambio e consenso de decisións sobre o/a alumno/a fillo/a
- Constancia documentada (informes, fichas...) dos datos máis salientables das intervencións e programas levados a cabo
- Propostas de mellora para o seguinte curso académico
- Elaboración da Memoria Final.
- Implementación de programas específicos (charlas, visitas, aplicacións, recursos...) para facilitar a toma de decisións do alumnado sobre o seu futuro académico e profesional
- Incrementar a divulgación, xunto co equipo directivo, da oferta educativa do centro cara o incremento de matrícula
- Prever máis tempos de atención individualizada a alumnado que precise un asesoramento personalizado
- Posta en marcha de xornadas informativas a celebrar a finais do curso.
- Valoración das necesidades educativas e medidas de atención á diversidade a tomar no inicio do seguinte curso académico
- Avaliación do Plan de Orientación, Plan de acción tutorial, Plan de orientación académica e profesional, Plan de medidas de atención á diversidade

6. Criterios de seguimento e avaliación

O Plan de Orientación avaliarase ao remate do curso e quedando plasmado na memoria de curso os logros alcanzados, as dificultades atopadas, os factores intervintes no desenvolvemento do Plan e os aspectos que será necesario modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

A avaliación será realizada polas persoas que interveñen no deseño, planificación e posta en marcha de dito Plan (orientadoras, membros do



departamento, xefatura de estudos, profesorado) e polos seus destinatarios (alumnado, familias, profesorado, equipo directivo, comunidade educativa).

A avaliación terá lugar en tres momentos:

- a) **Ao inicio:** para avaliar o deseño, a proposta de contidos, a secuenciación máis axeitada, a temporalización...
- b) **Durante o seu desenvolvemento:** para valorar a adecuación e consecución dos obxectivos, variables que interveñen no seu proceso, participación, adecuación das actividades...As técnicas e instrumentos empregados para este momento da avaliación serán os intercambios de información realizados nas reunións de coordinación de titorías, a observación directa nas aulas, cuestionarios...
- c) **Ao remate do programa:** para avaliar os resultados obtidos tanto previstos como imprevistos, consecución de obxectivos propostos, valoración final do desenvolvemento do Plan de Orientación e proposta de modificacións ou de atención a necesidades que non foron cubertas.

O Departamento de Orientación actuará da seguinte forma:

A Xefa do Departamento propondrá as actividades de orientación e titoría do IES . Para poder levar a cabo estas tarefas colaborará con:

- Xefe de Estudos de Secundaria con quen se establecerá unha reunión periódica para coordinar estas actividades.
- Cos Departamentos Didácticos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Cos titores/as, dándolles material para traballar as actividades de titoría.

Avaliaranse os obxectivos previamente programados e estableceranse as melloras oportunas para o vindeiro curso.

A avaliación faraa:



- O Xefe de Estudos coa colaboración de todos os membros do D.O
- Os/as titores/as.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Os/as alumnos/as

O Xefe de Estudos reunirase co D.O e cos titores/as para analizar se se acadaron ou non os obxectivos previstos e analizar as dificultades que foron xurdindo.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará os criterios para avaliación do plano de acción tutorial e de orientación académica e profesional.

Os alumnos/as valorarán a través dun cuestionario as actividades e funcionamento da tutoría e orientación.

Indicadores da Avaliación:

- ✓ Adecuación do P.O.E. ao P.E.C.
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos prantexados
- ✓ Equilibrio e secuenciación axeitada no tratamento dos contidos ao longo dos distintos niveis.
- ✓ Adecuación das accións propostas e as necesidades detectadas.
- ✓ Participación das partes implicadas: orientadoras, titores/as, profesores/as, alumnado e familias, outras institucións.
- ✓ Valoración dos procesos e resultados das actuacións
- ✓ Validez e pertinencia dos instrumentos, métodos e técnicas empregados.
- ✓ Grao de axuste e validez dos materiais empregados

Dita avaliación realizarase a través do intercambio de información en reunións, a través de cuestionarios, a través da observación.



7. Actividades complementarias e extraescolares para o desenvolvemento do plano de orientación

ACTIVIDADE	OBXECTIVO	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARI@S
Actividades a nivel de centro de conmemoración do 25 N , en colaboración, se é o caso, co concello.	Promover a igualdade/previr a violencia de xénero	Arredor do 25N e do 8M	Todo o alumnado
Charlas/obradoiros para a promoción da igualdade entre os xéneros a impartir por persoal especializado (pode realizarse en colaboración co concello ou outras entidades)	Promover a igualdade/previr a violencia de xénero	2º trimestre	Todo o alumnado
Charla sobre o abuso de sustancias e outras conductas adictivas (a impartir por persoal de ASFEDRO)	Promover a responsabilidade en relación coa proia saúde, xerando actitudes saudables en relación co tema	2º trimestre	3º ESO
Charlas sobre a diversidade afectivo-sexual e de xénero (a impartir por persoal de entidades especializadas, como ALAS, ARELAS ou QUÉROTE+)	Fomentar actitudes de respecto ante a diversidade e previr situación de violencia/discriminación	Xaneiro ou Xuño	2º, 3º e/ou 4º ESO
Obradoiros de coeducación afectivo-sexual (a impartir por entidades especializadas como QUÉROTE+)	Promover a construción de actitudes saudables no ámbito afectivo-sexual	2º trimestre	3º ESO
Charla " Non bloquees a túa saúde mental ", a cargo de persoal da asociación FEAFES Galicia	Concienciar, sensibilizar e traballar co alumnado para previr situación de risco para a saúde	2º trimestre	1º BACH
Charlas de prevención de conductas de risco en relación co uso de internet , por entidades especializadas (por exemplo, as charlas "Navega con rumbo" do Colexio Oficial de Enxeñeiros Informáticos, o Proxecto de prevención do xogo patolóxico no ámbito escolar "Xogo Revolto" e/ou	Promover conductas responsables en relación co uso de Internet	2º trimestre	2º a 4º ESO



as charlas da asociación Pantallas Amigas)			
Visita a IES da zona con oferta de FP e/ou charlas do profesorado de FP doutros centros co noso alumnado nas aulas.	Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa de FP	2º trimestre	4º ESO. Valorarase a posibilidade de incluír alumnado de BACH interesado na visita ou de 2º e 3º que poidan propoñerse para FPB
Charla sobre a FP DUAL	Dar a coñecer esa opción formativa	3º trimestre	4º ESO e Ciclo Medio
Charla sobre bolsas FEUGA e bolsas da Fundación Universidade da Coruña, para alumnado que remata ciclos de FP	Facilitar que o alumnado coñeza estes recursos, que poden facilitar a súa inserción laboral	3º trimestre	Ciclos de FP
Visita á FEIRA DE ORIENTACIÓN que se celebrará, previsiblemente, no Auditorio de Caranza	Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa existente na FP, estudos superiores, etc...	Data por confirmar (probablemente Marzo)	4º ESO. Valorarase a posibilidade de incluír alumnado de BACH interesado na visita
Visitas a campus universitarios da UDC (Coruña e Ferrol) e da USC (Santiago. Valorarase a posibilidade de visitar tamén o campus de Lugo, tendo en conta os intereses do alumnado)	Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa, instalación e recursos das universidades (bibliotecas, residencias...)	3º trimestre	1º BACH (todo o alumnado ou algunha modalidade)
Participación na actividade "A USC Camiña"	Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa, instalación e recursos das universidades (bibliotecas, residencias...)	3º trimestre	4º ESO e/ou BACH
Charla do Programa A Ponte, da USC, sobre a oferta formativa na universidade	Dar a coñecer a oferta formativa e os recursos complementarios para o estudantado	3º trimestre	1º BACH
Charla do Programa A Ponte, da USC, sobre a oferta formativa na universidade e o sistema de acceso (ABAU e cuestións sobre o proceso de admisión)	Dar a coñecer a oferta formativa e os recursos complementarios para o estudantado, así como sobre a admisión	3º trimestre	2º BACH



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES CONCEPCION ARENAL

CURSO 23/24

Este documento foi elaborado perante o inicio do presente curso académico segundo as directrices marcadas pola normativa vixente e os criterios de elaboración que no mesmo se detallan, e redactado pola xefa do departamento de orientación.

A data da entrega ao equipo directivo corresponde coa abaixo indicada, logo da constitución formal do departamento, e o establecemento das liñas xerais do plan por tódolos seus membros.

Asdo: Olga M^a Castro Ares

Xefa Departamento Orientación

En Ferrol, a 26 de outubro de 2023